



## FICHA ARTÍSTICA

Xesús Vaamonde: Gaita, percusión, voz

Pedro Lamas: Saxo soprano, voz

Xosé Lois Romero: Acordeón, voz

[+ info](#) / [📺 ver vídeo](#)

# VAAMONDE, LAMAS E ROMERO

TRADICIONAL

## ARTISTA/BANDA

Xesús Vaamonde, Pedro Lamas e Xosé Lois Romero son tres músicos sen os que a música galega actual non se podería comprender. As súas traxectorias individuais abranguen dende a música de raíz até o folk, a fusión ou o jazz, pasando pola composición e a dirección musical. Sempre recibiron o recoñecemento do público e, como docentes e estudiosos da nosa tradición, o respecto do sector. Os seus nomes están vinculados a algúns dos mellores artistas da música galega. O seu talento únese habitualmente, grazas a diversas colaboracións, á música de Mercedes Peón, Fuxan os Ventos, aCadaCanto, Susana Seivane, Leilía, Guadi Galego ou Xabier Díaz, entre outr@s. Con elas teñen actuado en varios continentes, dende Xordania a Nova York, pasando por Zimbabwe ou Bos Aires. En 2006, deciden unir os seus talentos para amosaren a súa particular visión da música popular.

## OS ESPECTÁCULOS

### 👍 O tambor de prata

Esta proposta escénica repasa un repertorio composto exclusivamente por temas dunha formación única na historia de Galicia: Os Trinta de Trives. Ofrecénnos a súa particular visión cómica e desprexuzada do grupo que triunfou hai máis dun século, aquí e alén das nosas fronteiras, cuxa traxectoria resulta ser un conxunto de anécdotas e vangardismo. Os de Trives impulsaron un concepto que precisa ser reivindicado: o cosmopolitismo da montaña ourensá.

### Coa túa banda de música 👍

Vaamonde, Lamas e Romero sorpréndennos cunha proposta orixinal e divertida: un concerto con banda de música en clave de humor. O espectáculo inclúe arranxos sobre repertorio tradicional realizados polo saxofonista e compositor Roberto Somoza que, de xeito maxistral, combinan o sabor popular con elementos de modernidade. Música popular e teatralidade aderezados con grandes doses de humor e retranca.

[www.culturactiva.org](http://www.culturactiva.org) 



## FICHA ARTÍSTICA

Xesús Vaamonde: Gaita, percusión, voz

Pedro Lamas: Saxo soprano, voz

Xosé Lois Romero: Acordeón, voz

[+ info](#) / [📺 ver vídeo](#)